



BO DÍA, NENOS!

Espero que xa teñades feito o pequeno resumo de naturais. Máis sinxelo non podía facelo e xa sabedes que hai que practicar o escrito mentres aprendemos 😊😊😊

Hoxe imos seguir co período prehistórico en Galicia. Imos falar do megalitismo galego e doutros lugares do mundo.

(escribimos)

QUE É UN DOLMEN?

Un dolmen é unha construción formada por grandes losas de pedra, unhas cravadas na terra e outra moi grande a modo de teito ou cuberta. Estas construcións facíanse como lugar de enterramento xunto con xoias ou obxectos de valor para a persoa ou persoas defuntas. Amais, as losas poden estar decoradas con petróglifos e / ou litografías (debuxos na pedra).

Agora deixo aquí debaixo un enlace para que coñezades os dolmenes máis importantes que temos en Galicia. Eu visitei o dolmen de Axeitos cando era pequena e vivía na Pobra do Caramiñal. É un lugar máxico e moi coidado.

Outro dolmen moi importante galego é o dolmen de Dombate. Quixeron protexelo e decidiron cubrir a construción cun teito de madeira. Cando cheguemos á nova normalidade, seguro que xa se pode visitar novamente. Eu teño moitas ganas de coñecelo!!!



<https://tourgalicia.es/visita-5-dolmenes-galicia/#:~:text=Este%20dolmen%20es%20conocido%20como,ubicado%20en%20Cabana%20de%20Berganti%C3%B1os.>

<http://www.caminodosfaros.com/dolmen-de-dombate/>

Por último, deixo un enlace para que visitedes virtualmente STONEHENGE! Un lugar máxico que hai en Reino Unido (a km de Londres). Dise que foi una construción con fins rituais en liña co Sol.

(HAI INFORMACIÓN EN INGLÉS PERO OS VÍDEOS ESTÁN SUBTITULADOS)

<https://www.english-heritage.org.uk/visit/places/stonehenge/history-and-stories/stonehenge360/>

(estes están en español)

<https://www.youtube.com/watch?v=uFBiXqnP3-l>

DEFRUTADE DOS VÍDEOS POIS NON VOS PARECE INTERESANTE SABER QUE SON CONSTRUCIÓN FEITAS FAI MILLÓN DE ANOS E MOITAS SON UN MISTERIO NA ACTUALIDADE?!

A RAZÓN DE QUE NON SAIBAMOS OS MOTIVOS DESTAS CONSTRUCIÓN É QUE NON EXISTÍA A ESCRITURA. FALTAN AS CHAMADAS FONTES ESCRITAS QUE NOS PODÍAN DICIR PARA QUE SERVÍAN ESE LUGARES.

